

Alén da fraga

Miguel R. Fervenza



Fun pór en venda á inmobiliaria a casa de miña nai. Atendeume o propio dono, un home que na miña presenza acrecentaba o seu habitual histrionismo —supoño que sería por aquilo da xordeira—. Non era un ser agradábel á vista: tiña varios dentes ausentes e os presentes mellor sería que non estivesen. A parte superior da testa estaba absolutamente despoboada. Onde si tiña pelo, este medraba salvaxe, cada cabelo ao seu ar; o mesmo lle sucedía nas súas mestas cellas. Tendía a andar es-lombado e a súa vestimenta, unha chaqueta que na parte traseira chegaba ata case os pés e un pantalón moi por riba da cintura, non axudaba a percibir menos grotesca a súa figura. Fixo algún tipo de chanza que non entendín, cousa que non evitou que el si rise abrindo moitísimo a boca e botando a mandíbula inferior cara atrás, para amosar así a dentadura infecta en todo o seu «esplendor». Aínda que —afortunadamente— non podía escoitala, xogaríame outro dos meus sentidos a que agredía o oído polo menos tanto como a vista.

Saín de alí contento, non tanto pola perspectiva de sacarme uns patacos pola vella casa da mamá como por perdelo de vista. Tíñame cos nervios de punta. Aproveitando o amábel do día, fun dar unha volta. Os paxaros cantaban —e se non era así, estaban a desaproveitar unha grande ocasión—. O contacto do morno sol daquela época do ano aloumiñaba a miña pel e non había nin traza da brisa mariña, tan agradecida noutra estación pero que tería estragado aquela mañá primaveral.

No medio da praza, en fronte da Igrexa de Santa María, había un home detido, mirando para unha das torres. O seu aspecto chamaba a atención: andaría polos dous metros de altura, unha gabardina, chapeu —que deixaba escapar algúns pelos roibos—, pantalón con raia ao medio e uns zapatos sofisticados. Non había de ser da vila, xamais o vira. Estaba alí parado, reflexivo, alleo ao resto do universo. Centrado naquel único punto.

A parede tornou dourada, a mañá estaba aquí. Erguinme cun só pensamento. O meu primeiro impulso foi o de todas as mañás: ache-gueime á fiestra, alí estaba ela, no seu peitoril acugulado de plantas. Andaba a xogar co micho. Ambos, besta e persoa, estabamos ensimes-

mirada repugnante e desgraciada. Das tebras, emerxían as pantasma aletargadas que o rostro celestial arredaba de min durante as mornas horas diúrnas. Xa non atopaba acougo na oración. Había moito tempo que non pedía polo meu sandar, estaba resignada a que a miña única morada fose a última. Sabía que os meus ollos non viaxarían endexa-mais fóra dos límites da miña xanela.

O feito de que co tempo xa non me acougase, non evitaba que se-guise a pedir a Deus cada noite. Mais xa non cura para o mal que todos coñecían, senón do outro, da miña obsesión, que era ao tempo a razón para seguir vivindo e o motivo polo que sentía aversión por min mes-ma. O que o corazón interpretaba coma amor, o meu maxín ben sabía que era unha desviación.



—Hai uns días que non o vexo por aquí.

—Escoitei que marchara de viaxe a non sei onde, a pechar un negocio.

—Da inmobiliaria?

—Pois claro, de que senón?! Vai vender a casa da nai do xordo, aquel que se levaba con teu fillo, ao cu do mundo. Non veremos a ese nunha boa tempada.

—Probiña rapaza, non ten sortiña ningunha nesta vida! A saber a quen coñece aquel langrán polo camiño. A estes xa mos sei eu, din que van de viaxe de negocios —para que existirá o correo— e des-pois...

—Segundo se di, teñen un comprador de boa familia, con moi-tos cartiños.

—Pero que se lle vai perder a un home de boa familia neste bu-rato...

De pequeno fantasiaba co que me ía dedicar de maior. Non quería ser paxe nin gardabosques como algún outro compañeiro, mais dende logo tampouco pasou polo meu maxín converterme no que son. Non creo que ningún neno, por estraño que fose —e coincidín na escola con cada elemento...—, soñou nunca con isto. Porén, encántame este choio!

Para min non hai nada comparábel a estas noites silandeiras. Comecei co atardecer pero xa hai máis fusco ca lusco. Arrefría e a xente está refuxiada nas súas casas, case poden escoitar o calor do fogar. A choiva vespertina aínda corre entre as fendas que deixa o lastrado. Pé ante pé camiño, as miñas pisadas húmidas nestas noites non producen eco. Tiro de chisqueiro, prendo, turro da corda e outro farol aceso no seu lugar. O único que necesita da miña atención téño tan mecanizado que xa o realizo de maneira inconsciente.

En todo o traxecto apenas me crucei cun par de ánimas. Outras pisadas escóitanse na distancia: é un andar fino, seguramente dalgunha muller delicada. Ao dobrar a esquina, lonxe da rapaza miúda que esperaba, tópome coa altísima silueta dun home. Levaba un andar peculiar, refinado aínda que un chisco eslombado. A pesar do seu tamaño —por delgado que fose, había de pesar máis ca min—, os seus pés parecían bicar a fina película de auga sen chegar a bater coa pedra.



A habitación, incluso naquel intre, sumida na escuridade, parecía minguar por momentos. Había anos que non podía voar, conformábame con contemplar de cando en vez unha doce pomba branca. Vela dárame unha sensación de liberdade moderada, sen me chegar a afogar. Con Ela lonxe, os barrotes semellaban máis grosos e próximos. Por vez primeira, o cativerio estábame a asfixiar.

Pensei en que quizais debería saír aí fóra, traspasar o temido limiar e ir na súa procura. Mais se dese con ela, que faría? Na vida cruzáramos media palabra. Claro!, agocharíame detrás dun gamallo a continuar a contemplación... Deus, tan patética son que aquela non me parecía mala idea! Sabía que por máis ganas que tivese, e por falta de aire que me atopase, o inmenso ceo nu...

Xa estaba a arfar. A habitación mingiante tornou desmedida. Naquela escuridade non podía ver parede ningunha. Apertei as sabas contra o peito para convencerme do meu confinamento; non abondou. Percorreume unha sensación de vertixe, como se a cama estivese a caer no espazo infindo. Custoume, mais saquei o pé fóra das mantas. Dubidei durante tanto tempo que cando xuntei forzas para buscar o chan apenas sentín diferenza de temperatura. Contraste que si houbo ao pou-

sar o dereito. Unha vez acendín o candil, comecei a acougar. Restáballe pouco aceite; deixaría morrer mentres tentaba conciliar o sono. Pouso bastante lonxe como para que a luz me reconfortase sen me desvelar.

Se cadra Deus decidiu ter en conta as miñas pregarías e axudarme, mais non do modo sinxelo: borrándoa da miña mente. Ao arredala, serviría ao tempo de desintoxicación e de penitencia. Ansiaría ata case a tolemia para rematar por esquecela.

Pero aquel ser tiña unha pel tan claaara... O... o... seu taaacto... había ser case xélid... Seus ollosssss... Sentínme caer. Estirei os brazos para delimitar a cama, seguía riba dela. Debín de quedar durmida durante uns segundos.

Seguro que non tardaría en clarexar. A alba ía chegar sen que fose capaz deeee... Unha noite máis... un bucle bailando... un micho boca arriba... Ía frío e deixara as luvas na casa, xuntei as mans e soprei para quentalas, emitiron un estraño son, tal que o dunha campá.

«Oito por nove», como era aquilo? Con ámbalas dúas mans sobre a mesa, recollín o dedo número oito, o do corazón da dereita, para logo contar dende a esquerda: un, dous, tres... Sete. Así que serán setenta e... Máis aló do baixado só hai dous. Polo tanto: «oito por nove son setenta e dous, señorita». Levantei a cabeza pero alí non quedaba ninguén, só había unha gran caixa sobre a mesa da mestra. Achegueime, turrei das solapas e o cartón mudou en madeira. Era un cadaleito. Dentro... dentro outra vez... estaba miña nai, cos brazos ao peito, suxeitando a sagrada biblia mentres un rosario descansaba enrodelado na man dereita. Tiña o pelo máis escuro do que recordaba, tapáballe as orellas. O beizo superior apenas se distinguía na defunta palidez do rostro. Nin un só incipiente pelo no bigote. As ventas do nariz libres. As engurras da fronte... AH! Peguei un chimpo contra atrás ao ver aqueles ollos abertos. Mirei derredor: unha ducia de cadeiras copadas polas miñas tías facían esquina. Un regueiro intermitente de xente dando pésames. Panos, bágoas, prantos... A curiosidade impúxose ao terror: regresei para mirar dentro do féretro. Volvía ter os ollos pechados, mais... mais semellaba rexuvenecer por momentos. Xa non era a mamá. Era... era... Votei o corpo contra atrás, estaba nunha habitación valeira, tombada nunha cama con dosel. Mirei cara arriba, alí estaba Ela. Termaba dunha pelotiña amarra-

da a un cordel. Apoiouna na miña fronte e comezou a baixar. Pechei os ollos cando chegou ao cello, era unha sensación moi pracenteira. Suave polo nariz, logo o beizo superior: abrín a boca e penetrou un chisco, saquei timidamente a lingua e acariñeina coa punta. Seguiu turrando do cordel, deslizándose sempre con dozura. Saíu da boca, percorreu o queixo, o pescozo... Abrín os ollos, estabamos baixo un inmenso ceo ateigado de estrelas. Unha brisa intensa levantouse sen máis que abalar os meus pulmóns. Non podía existir un momento máis gozoso! Ela xa soltara o brinquedo, o traballo da pelotiña pasou a facelo a lingua. A flanela era agora un vizoso manto verde. O lixeiro frescor do contacto coa súa pel contrastaba co meu amor febril. Pasou o embigo e...

Espasmódico e húmido espertar. Feliz e desacougada mentres Morfeo só me deixara volver parcialmente. En canto me liberei por completo dos seus brazos, o rostro pasou do esbrancuxado próximo á morte ao máis aceso colorado. Avernoñada ante Deus e ante Ela. Sucia coma nunca antes. Culpábel ao extremo. No fondo sabía que unha parte de min, agochada ben fondo, permitiu soño tal. Corrí a lavarme. Cofei e cofei, e seguí a esfregar co cepillo... O meu noxento sangue rematou por tinguir a auga de vermello.



A veciña transitoria andaba sen rumbo, perdida, en suspenso namentres non volvese seu namorado. Desmesurada —nada diso merecía aquel paifoco— fora a súa despedida; melodramática, como se dunha derradeira aperta se tratase. Os anfitrións, irmáns eles, pouco podían facer para amenizar a desesperada espera.



—...fóiselle a cabeza, toleou de todo! Metérono no sanatorio.

—Ao propietario da inmobiliaria, dis?

—Xa me dirás que outro coñeces con ese nome?

—Boh! Haiche bo tempo que sei que ese rapaz non che é moi autente. Un de viaxe, outro no sanatorio, e o negocio parado. Así non se levanta un país!

O murcho do día invitaba a un paseo reflexivo á beira do mar. Chovera a tarde anterior conferindo á area unha textura particular, non completamente mollada mais aínda non seca. Eran tempos morriñosos. Levaba días a lembrar a miña infancia. Sentei no chan. Certa sensación de frescura non tardou en transformarse en humidade. Collín unha pedra lisa como anos atrás, cando viña coa panda. Co cu na area a cousa complicábase, mais agarreina igualmente «co polgar e o pai de todos, fixándoa co furabolos». Man cargada, xirada apenas e rápido movemento de brazo culminado cun golpe de pulso: un, dous, tres, catro... Pechei os ollos a pensar nos rapaces: o lonxe que andan algúns, as familias que formaran, os que quedaran polo camiño... Sempre nos achegabamos á praia, a ver quen era máis rápido, quen mexaba máis lonxe, quen conseguía que a pedra rebotase máis veces... Abrinos de novo, estirei o brazo e collín outra lousa. Repetí a operación, pero desta vez non mantiven os ollos abertos para contar os botes. Por un intre, o que fose que xa non funcionaba no meu maxín, volveu facer como que si: clop, clop, clop... Cada un era máis feble có anterior, ata que deixei de escoitalos. As ondas a chegar e retirárense, a espuma mariña, as gavotas... Incluso o propio mar cheirou coma antano; ese fondo arrecendo a sal que xa non tiña, ou que xa non percibía da mesma maneira o meu olfacto luído. Un calafrío percorreume o espiñazo: había moitos anos que non tiña un recordo tan vívido do que era un son. Co pelo do corpo perpendicular á pel, retornei as pálpebras ao seu estado diúrno e erguinme para continuar co paseo.

Sacudín o cu sen moitas esperanzas de despegar a meirande parte dos grans e retomei a marcha. Somerxido nos meus recordos, avanzaba devagar. Sen me decatarse de que os meus pasos estaban a coincidir cunhas pisadas recentes que correspondían a un andar de zancada curta—pesaroso se cadra; tristeiro talvez—. Soterrei algo máis a cuncha dun croque no meu avance. De forma inconsciente o rastro daquel ser desvioume cara as dunas. Algo esvaeceu os meus pensamentos. Dende o alto do cabedelo contemplei o meirande cadro que ninguén pintou xamais: naquel banco de madeira, escoltado polas cruces que recordaban os que perderan a vida no mar, había unha viúva de escrupuloso loito. Sentada de medio lado, coa mirada perdida no horizonte. O seu pelo es-

taba recollido nun moño, agás uns bucles que penduraban gracilmente. Os rolos, mais tamén un vaporoso fular de gasa, bailaban ao ritmo da brisa. Harmonía cromática entre os ocreos da area, o branco da espuma sobre o apagado azul verdoso do mar, o negro loito das cruces e vestiduras da dama e os agrisados do día encapotado e melancólico. A figura inmóbil completaría un conxunto pictórico inigualábel. Mágoa que non existise lenzo que puidese plasmar tamén a dimensión temporal! Non había soporte nin artista que puidesen inmortalizar aquel momento.

O continuo devir dos elementos contrastaba coa inerte silueta feminina, allea ao seu contorno. Alí de corpo pero moi lonxe a súa alma. Podería comezar a fin do mundo naquel preciso intre que nin repararía nos Catro Xinetes da Apocalipse. Por un instante, todo o pasado, todo o vivido, calquera sufrimento que me tivese levado alí, cobrou sentido. Era o home máis afortunado da Terra por poder contemplar aquela beleza infinita.

—De lingua en lingua anda que o rapaz debeu de morrer no camiño. A muller gasta loito e pasea coma alma en pena —rexoubaba a vella polo baixo.

—Deus o faga mellor! Unha nena desa idade, que a saber incluso se está empenhada, viúva! Quen cho dixo?

—... —Non chegou a articular palabra.

—Non me digas máis, aquela lercha de alí arriba, a filla do defunto notario. Se metese a lingua no cu!

O día non se distinguía xa da noite máis ca na luz dese distante astro. As miñas crenzas cristiás evitaran que quitarme do medio fose unha opción. Porén, por que me había de deter iso? Acaso teño opcións reais de paraíso? Con estes pensamentos non podería entrar. Arrepíntome? Abofé, mais cada vez que a vexo...

Pola miña vida solitaria, non sería raro que me sobreviñese a morte sen opción de me retractar dos meus pensamentos ante un cura. Así que, levándome El ou suicidándome eu, rematarei no mesmo sitio. Coi-do que a única razón pola que sigo adiante é a miña profunda covar-

día... Un son que tornaba cada vez máis agudo rematou a reflexión. Sacudín a man o máis preto que puideren do meu oído dereito e cubrinme coa roupa da cama. Odiaba os mosquitos!

Erguinme para tentar evitar outra noite de zunzúns, prendín o candil e collín o zoco esquerdo coa dereita. Non era a primeira vez que facía isto. A sola do meu chanco estaba chea de cadáveres, algúns que non eran máis ca unha sorte de fósiles contemporáneos. En que pouco quedan! Outros aínda estaban escoltados por un cerco ocre do meu propio sangue. O mesmo na parede. Nunca os limpo, son un aviso para os seus conxéneres, unha recomendación baixo pena de morte. Quen se arrisque a zugar no meu mollo miserábel ten un sitio reservado na decoración da cela. Aínda así, sempre hai algunha femia famenta disposta a correr o risco.

Candea en man, repasei cada recullo, cada parede, cada xunta. Puxen especial atención na madeira, onde a mímese deses seres pardos fainos invisíbeis. Con pés de la andei de aquí para aló. Talvez sexan xordos, porén, toda precaución é pouca. A concienciada e coidadosa busca non bastou para dar co condenado coleóptero.

Regresei ao leito derrotada. Volvín facer a escuridade, afinei o oído e esperei. O silencio foi amplo abondo como para retomar o mesquiño do meu ser. Entón, entre as imposibilidades e inmoralidades, en cuestión de décimas, as sabas volvían estar sobre a cabeza. Descartada outra procura infrutuosa, decidín pasar a noite en abrigo máximo. A condenación non tardou en aparecer. De telos abertos, os ollos estaríanme a proer pola suor. O ar estaba incluso máis viciado ca de costume. Foi quizais esa leve intoxicación por dióxido de carbono a que me axudou a durmir un anaco. Puiden fuxir así por unhas horas de toda cavilación.



En noites coma esta, a miña profesión torna nociva. Por forza, convértome nun traballador negligente. A servizal candea engole o tintinar astral. Preséntase un conflito profundo entre o deber estético e o laboral.

Asomada a noitiña, nada terrestre ilumina o peirao. Estes preguiceiros funcionarios...! A madrugadora Venus topa cura á súa soidade. Polo leste, con timidez, as primeiras compañeiras empezan a asomar en este-

Emerxín do meu océano de autodestrución cun compás distante. Era unha marcha monótona, anódina, informativa seguramente. Algún edicto municipal. A medida que o son íase facendo máis forte conforme aquel home se achegaba, o ritmo do meu corazón medraba. Sabía que o reforzo da fiestra, que me tiveron que facer para evitar que me constipase acotío por vivir perpetuamente fronte a ela, faríame ter que abrila para poder escoitar o bando. Xa se diferenciaba a súa figura no alto da rúa, o seu compasado camiñar avanzaba lento pero inexorábel. O tamborilar cesou. Aquel home de longas patillas estaba detido. Colgou as baquetas duns trebellos confeccionados no seu traxe a tal efecto, sacou o rolo de papel que lle sobresaía do abrigo e preparouse para ler. Atraseino tanto como puiden, mais era o momento. Tremía sen control. Fun incapaz de medir as forzas, turrei da fiestra con tal violencia que se abriu de par en par. O aire do exterior entrou a cachón, os meus pulmóns acuguláronse de osíxeno. De cando en vez aireábanme a habitación, sempre ficando eu noutra estancia namentres se renovaba o ambiente, e cando volvía alí xa notaba ese fedor inquietante a aberto que me deixaba desacougada durante o resto do día. mais este cheiro, este aire fresco accedendo directamente aos meus adentros... Senteime coas costas apoiadas na parede. Derriba da miña cabeza entraba o sol e aquel ar repugnantemente ceibe. Sentíame incapaz de respirar, tratei de esquecer o meu mal e centrarme na lectura, pero só puiden afinar o ouvido para escoitar quen firmaba o edicto: o concello. Todo aquel sufrimento fora en van.



—Seica onte á noitiña chegou un barco, coa tripulación mortiña toda. Ata o capitán debeu de botar o alento derradeiro xa no propio porto.

—E entón, de que espicharon?

—Pois parece ser que da... —Escoitábase un tambor ao lonxe.

«... prohibe aos enfermos ou aos que puidesen estar afectados pola peste, saíren das súas casas para que así a enfermidade non se propague polas rúas...»

—Pois anda que se esperan que á miña idade me quede na casa... Se a morte me quer levar, xa me pode vir buscar a este mesmo banco de

pedra.

—Ben dito, comadre, xa vivimos máis do que nos tocaba. Non penso botarme debaixo da cama a esperala. Se nos ha de atopar, que aquí sexa.

A infección agardaba silente en cada recanto. Ollos a abesourar tralas miras. Polas rúas, ninguén que non fose dentro ou embaixo dun cadaleito. Desconfianza, desesperación, desconsolo... Quen me ía dicir que remataría fechado na casa, fuxindo da morte, cando pouco aprecio lle teño á vida; polo menos á miña. Instinto de supervivencia? Non no meu caso. O que me movía era unha clase de morbo herético. Se me tocaba morrer a min, ben, namentres, como Zeus dende o Olimpo, contemplaría a desgraza; os desfiles mortuorios de caixas; os brancos riscos en cristiá formación...

—Pero que dis!? A xente perdeu o sentidiño todo.

—Como cho conto. Que como escapou do sanatorio atacando o garda, déuseltes por aí. Que era cousa del que a xente estivese a morrer; que se fixera misas negras; que tiña contato co diaño...

—A xente está tolisma. Colleron o percebe?

—Seica anda escapado. Paréceme que como dean con el... hano linchar.

—Mih quen ben aí?

—Non corras, langrán!

—Hordiá, hai que ver o malfeito que está o condenado, que non se sabe onde empeza o cu e termina a cabeza, e o que corre!

Mira, agora as sombras son máis curtiñas que cando as pinteí, mais seguen a ter a mesma forma. Non me quedara nada mal o debuxo. Se cadra este edificio tiña que ser un chisco máis alto e fáltame por pintar ese cano... Así. Agora doulle un pouquechiño de cor. Creo que xa non me esquezo de nada. A ver... oh!, e iso!? Esas markiñas nas portas antes non estaban. Vexamos, unha liña longa cara abaixo e...

Non me queda o consolo diúrno da contemplación. Tan só podo intuíla nas sombras, nas siluetas proxectadas nas cortinas. Sen a miña ración de veneno de vida, por que seguir?, por que vivir?... Acabouse esconderme, rematouse fuxir de min. Retirei a roupa da cama, **que chuche canto queira!**



De tanto repetir os trazos acadara un estado de rutina macabra: o xiz bulía lixeiro, case despreocupado. A todos nos acabaría por tocar!

O anaco de arxila pareceu substituír o seu calcio polo chumbo. Aquela cruz custoume máis que calquera outra. Non era xusto! Que mal lle fixera aquela rapaza a ninguén? Incluso inerte, agochaba máis vida que calquera dos que quedabamos. Mesmo cadavérica, gozaba dunha beleza inhumana, de perfección xélida. Alguén aí arriba comprendera que o pagamento fora xa moi superior á débeda contraída. Con ese amencer, con esa intersección de rectas albinas, as sombras esmoreceron, a epidemia cesou.

